

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2024, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO", PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XERANDO CULTURA DE ACOLEMENTO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

REUNIDOS

Dunha banda, a conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 8 de abril de 1991.

E doutra, a presidenta da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" (NIF G70605530), con domicilio social na rúa Manuel María 6, C.P. 15705 de Santiago de Compostela, actuando en calidade de representante da entidade en virtude do acordo do seu nomeamento e da modificación da composición da Xunta Directiva adoptado pola Asemblea Xeral da asociación o 25/01/2021 de acordo co establecido no art. 29 dos estatutos da entidade.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, capítulo VI do Título preliminar e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de

asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro. En virtude da dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social e Igualdade ten asumida segundo o artigo 14. 1. b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Quinto. O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun neno ou dunha nena ou adolescente a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

É un recurso de protección que implica a separación do/a menor dos seus proxenitores/titores e a asunción dos seus coidados por unha persoa ou familia distinta, con vínculos de parentesco como familia extensa ou sen eles como familia allea.

Todos os/as menores en acollemento familiar estarán baixo unha medida de protección de tutela ou garda, adoptada polo departamento territorial da Consellería de Política Social e Igualdade ou polo/a xuíz/a, conforme o establecido no Código Civil e na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

As situacións que poden dar orixe a un acollemento familiar son:

- Menores declarados en desamparo. A Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social e Igualdade asume a tutela e delega a garda do neno ou nena ou adolescente na familia acolledora.
- Menores en garda administrativa ou xudicial, a solicitude dos seus pais ou titores cando por circunstancias graves non podan coidalos (e así o estime a Entidade Pública) ou porque así o determine o/a xuíz/a. A Administración asume a garda do/a menor e a delega na familia acolledora.

A través da medida de acollemento familiar, exercece a garda da persoa menor pola persoa ou núcleo familiar acolledor, tendo a obriga de velar por ela, tela na súa compañía, alimentala, educala e procurarlle unha formación integral.

A Declaración dos Dereitos do Neno aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 recoñece no seu preámbulo que o neno, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, debe crecer no seo dunha familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión.

A modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia levada a cabo polo lexislador estatal no ano 2015, pon especial énfase na regulación do acollemento familiar co fundamento de que a persoa menor necesita un ambiente familiar para un adecuado desenvolvemento da súa



personalidade, e establece a prioridade sobre o acollemento residencial para calquera menor e especialmente para as persoas menores de 6 anos. Así mesmo se determina que non se pode acordar o acollemento residencial para menores de 3 anos, agás supostos de imposibilidade de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando este non conveña ao seu interese.

Todo o anterior determina a necesidade de contar con familias dispostas a asumir o reto que supón o acollemento familiar e a obriga das Entidades Públicas de fomentar a difusión, promoción e formación en relación con este recurso de protección.

Sexto. A Asociación Galega de Familias de Acolrida "ACOUGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable. Está inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 202/023977-1º, así mesmo está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E7138.

A Asociación Galega de Familias de Acolrida "ACOUGO", vén desenvolvendo labores de formación e difusión no eido do acollemento familiar a través do "Programa Xerando Cultura de Acollemento", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A execución material do programa da entidade cuxas actuacións descríbense na cláusula primeira, terceira e no anexo II deste convenio materialízase co fomento a través da concesión directa dunha subvención pública coa sinatura dun convenio de colaboración a favor da Asociación Galega de Familias de Acolrida "ACOUGO", a cal está especializada no ámbito da infancia, cun traballo orientado a garantir o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a vivir en familia achegando ás familias acolledoras e ás persoas profesionais do ámbito social, nomeadamente das persoas profesionais no marco dos servizo sociais comunitarios a realidade do acollemento de Galicia, así como promocionar espazos de reflexión en torno ao acollemento familiar.

Por outra banda, a Asociación Galega de Familias de Acolrida "ACOUGO" achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos achegados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

Os fins de interese xeral da Asociación, segundo os seus estatutos, son:

- a) Protexer á infancia en Galicia.
- b) Representar ás familias acolledoras, tanto familia extensa (isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acolledora e o/a neno/a ou adolescente: avós, tíos, irmáns...) ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco).
- c) Fomentar o acollemento familiar en Galicia, e favorecer a desinstitutionalización das persoas menores de idade do sistema de protección, e das persoas menores de idade non acompañadas.
- d) Axudar ás familias acolledoras, nenos/as e xóvenes acolridos/as, no seu proceso de acollemento.
- e) Xerar espazos de encontro e de compartir experiencias para as familias acolledoras.
- f) Divulgar e sensibilizar á poboación en materia de medidas de protección de menores.
- g) Formar e facilitar a formación regrada ou non, para as familias acolledoras, e menores ou xóvenes acolridos/as, tanto en familias como en centros residenciais.
- h) Promover a formación específica para profesionais: dos servizos sociais das Administracións; Autonómica, Provinciais, locais, así como outros axentes involucrados na

intervención con menores, familias biolóxicas, acolledoras, etc.

- i) Promover o autoemprego, procura de emprego activa e específica para xóvenes que estiveron, ou están no sistema de protección. E/ou familias biolóxicas.
- j) Xerar e potenciar a utilización de espazos comúns de lecer/aprendizaxe coas familias de orixe e biolóxicas, nos casos nos que sexa recomendable.
- k) Articular e propor redes e infraestruturas externas adicadas a facilitar o desenvolvemento das visitas e relacións coas familias de orixe.
- l) Promover a conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de forma que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- m) Investigar e colaborar coa investigación desde a perspectiva de xénero, con relación á situación actual das persoas menores, e xóvenes que están ou estiveron no sistema de protección en Galicia, ou si é o caso, en España.
- n) Participar e traballar coa Administración para procurar novos modelos que unifiquen criterios, en materia de acollemento, nas catro provincias Galegas.
- o) Publicar e facilitar documentación e resultados de interese a outras Administracións, Autonómicas, Provinciais ou locais.
- p) Promover unha conciencia social positiva e de respecto ao dereito fundamental das persoas menores de idade a crecer en familia.
- q) Acadar o interese superior das persoas menores de idade, sempre.
- r) Fomentar e facilitar a reciclaxe e reutilización de materiais de puericultura, roupa, material escolar, etc.

Do mesmo xeito, de acordo cos seus estatutos, a asociación, para a consecución dos seus fins, e a mero título enunciativo e non restritivo, pode realizar as seguintes actividades:

- a) Colaborar coas Administracións Públicas, e coas institucións que se adican á protección de menores, aportando experiencias, tempo, dedicación e profesionais, tendo en conta sempre o interese superior da persoa menor de idade.
- b) Crear Puntos de atención, información, asesoramento e acompañamento para as familias acolledoras.
- c) Crear unha rede de colaboradores, voluntarios e socios, contando tamén co persoal contratado que se estime necesario para a consecución dos fins, anteriormente descritos.
- d) Promover actividades culturais como Cinema Forum, Teatro Social, expresión corporal, ciclos de música, debates... Facendo posible a sensibilización por parte da sociedade nos temas de interese e facilitando a participación cidadá.
- e) Convocar con frecuencia grupos de traballo ou terapéuticos, charlas formativas e informativas, seminarios, etc., tanto para usuarios, persoal, membros da Asociación, como para calquera persoa interesada nas temáticas que se propoñan.
- f) Calquera actividade que de forma lícita permita conseguir fondos para a intervención directa cos usuarios, o mantemento e funcionamento da asociación.
- g) Mediar con Institucións de ámbito Público ou Privado, en situacións de denuncia Social, ou para a consecución de obxectivos comúns en beneficio das persoas menores de idade, as súas familias biolóxicas e as familias acolledoras.

- h) Elaborar proxectos destinados a dar alternativas reais como métodos de conciliación, efectiva, comunicacións interxeneracionais, espazos comúns ou actividades simultáneas.
- i) Establecer convenios con Entidades Sociais, Administracións públicas ou privadas, con empresas, ou cooperativas, que sexan de interese para a consecución dos fins anteriormente expostos.
- j) Establecer convenios con universidades ou entidades dedicadas á investigación no ámbito Científico Social, tanto para investigar como para pór en práctica os resultados das devanditas investigacións.
- k) Calquera outra actividade que se propoña para acadar o interese superior das persoas menores de idade.

Sétimo. Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade considera prioritario potenciar o acollemento familiar de menores e está interesada en fomentar, a través da concesión directa dunha subvención pública, a execución do Programa "Xerando Cultura de Acollemento" da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", fomentar a figura do acollemento familiar e así, garantir o dereito do/a menor a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer o programa que se describe, a través do cal a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" achega un punto de vista único para desenvolver as actividades do dito programa, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias acolledoras que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

Considérase polo tanto idónea á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" pola súa experiencia no ámbito da formación, asesoramento e atención ás familias en proceso de acollemento e familias acolledoras, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver as actividades propias do programa.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o programa financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Esta entidade ten acreditado, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso do Programa "Xerando Cultura de Acollemento" no ano 2024 da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO".

Oitavo. A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

En virtude deste financiamento, resulta aplicable a seguinte normativa: Regulamento (UE) 2020/2094, do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Decisión do Consello de Europa, do 16 de xuño de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, a Lei 9/2021, do 25 de

febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

Noveno. A concesión directa da subvención a través do convenio está amparada no proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 27 de agosto de 2021 e publicado no *Boletín Oficial del Estado* nº 230 do 25/09/2021, por Resolución do 11 de setembro de 2021 da Secretaría de Estado de Derechos Sociales, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR). Esta actuación encaixa na liña de investimento I2 (Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia) do Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión" do dito Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O fito da Proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño de 2021, Comisión Europea COM(2021) 322, ao que contribúe é o Fito 325 (Execución de proxectos para a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e para a modernización das infraestruturas e os servizos asociados á protección residencial e as familias de acollida), cuxo prazo de cumprimento previsto é o 4º trimestre de 2025.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto deste convenio é a concesión directa dunha subvención pública da Consellería de Política Social e Igualdade para o financiamento á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do Programa "Xerando Cultura de Acollemento" do que é titular a dita entidade, mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento da persoa menor acollida mediante a orientación, o asesoramento, acompañamento e apoio especializado ás familias acolledoras e/ou as persoas menores.

O financiamento da Consellería de Política Social e Igualdade ao dito programa realizarase a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en diante MRR) procedentes de fondos europeos segundo convenio asinado ao efecto entre a entón Consellería de Política Social e Xuventude e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 asinado o 27/08/2021, BOE nº 230 do 25/09/2021.

SEGUNDA. *Destinatarios do programa a subvencionar*

Son destinatarias do programa as familias acolledoras e biolóxicas de nenos, nenas ou

adolescentes en situación de desamparo ou risco social. Tamén serán destinatarias as persoas profesionais, nomeadamente as persoas profesionais no marco dos servizo sociais comunitarios e estudantes que participen nas actividades de formación e información organizadas no marco deste programa, así como as corporacións municipais no que respecta ás actividades de difusión, a través da súa participación e colaboración nos eventos de difusión e promoción do acollemento familiar.

TERCEIRA. Obxectivos e contido do programa a subvencionar

1. O obxectivo do programa da asociación é achegar á sociedade a realidade das nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección e tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos, como actuacións complementarias ás que leva a cabo a Xunta de Galicia no marco das súas competencias.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia, achegar a realidade de nenas, nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven máis ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas familias e das familias acolledoras.
 - b) Capacitar as persoas participantes en toda a Comunidade Autónoma, a través da aprendizaxe en materia de acollemento familiar, a fin de que se poidan manexar de xeito independente e autónomo, aumenten a súa participación social e amplíen as súas expectativas persoais e/ou laborais.
 - c) Favorecer que o espazo de relacións humanas derivadas das actividades obxecto do programa xere interese en materia de protección de menores e disipe dúbidas e medos con respecto do acollemento familiar.
 - d) Crear actitudes favorables cara a valoración, formación, capacitación e idoneidade, que imparten outras entidades relacionadas co acollemento familiar.
 - e) Axudar ás familias acolledoras de toda Galicia a previr e tratar as dificultades derivadas do acollemento familiar, cunha perspectiva de xénero, e nunha postura entre iguais, tentando acadar maior corresponsabilidade dentro e fóra do núcleo de convivencia familiar, facilitando as xestións burocráticas ou de calquera índole, dende a atención dun equipo profesional interdisciplinar.
2. Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades que configuran o programa:
- a) Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de acollemento e ás familias acolledoras co fin de dar orientación e asesoramento desde unha perspectiva horizontal entre iguais, coa experiencia en primeira persoa como familias acolledoras.
 - b) Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia no acollemento e profesionais especializados para dotar as familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social do menor e a súa vinculación familiar na múltiple visión de familia acolledora-familia biolóxica ou, no seu caso, familia adoptiva.
3. As actuacións do programa a desenvolver distribuiranse en 3 proxectos:
- Espallando semente: no que se encadran todas as actuacións de difusión da medida de

acollemento familiar.

- Acougo Orballo: con formación circular en calquera das etapas nas que se encontre a persoa ou familia destinataria, ben sexa a biolóxica ou a de acollemento.”
- Acougo Colleita: medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras.
- Accións complementarias dos tres proxectos mencionados anteriormente.

A descrición detallada correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctese no anexo II Programa Xerando Cultura do Acollemento.

CUARTA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA “ACOUGO”

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- b) Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- d) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao

beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas neste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos, desde o pagamento do saldo, ou a falta deste pagamento, da operación.
- i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- k) Aceptar a cesión e tratamento de datos ás Administracións Públicas implicadas en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en adiante PRTR), nos termos indicados no Anexo III.
- l) Presentar a declaración responsable relativa ao cumprimento do cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR, nos termos indicados no Anexo IV.
- m) Presentar a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), nos termos indicados no Anexo V conforme ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.
- n) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro. As reformas e investimentos propostos no compoñente 22 contribúen nun 100% ao obxectivo de integración do clima e nun 40%, ao obxectivo medioambiental, segundo define o ámbito de intervención 026 "Renovación da eficiencia enerxética das infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio". Así mesmo, a liña de investimento 2 do compoñente 22 inclúe a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e as entidades do terceiro sector de acción social e a dixitalización das infraestruturas de protección residencial de nenos, nenas e adolescentes, en especial con necesidades especiais ou migrantes non acompañadas. A esta liña aplícase o campo de intervención 11, "Solucións de TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións", cun coeficiente de 100% en canto á transición dixital.
- o) A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE.

De acordo co dito compromiso, o compoñente 22, Inversión 2 do PRTR establece que os equipos utilizados cumprirán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo con a Directiva 2009/125/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, pola que se instaura un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos relacionados coa enerxía, para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE.

- p) Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas co programa, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados cos fondos da Unión Europea – NEXTGENERATIONEU.
- q) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.

2. A realización das actuacións a subvencionar que forman parte do programa da entidade axustaranse, ademais da normativa aplicable en materia de subvencións e a normativa reguladora da fonte de financiación, ao seguinte:

- a) Realizar todas as actividades de difusión, formación e acompañamento descritas na cláusula terceira, dende a posición especializada que lle da á Asociación Galega de Familias de Acolida “ACOUGO” a súa perspectiva de asociación de familias acolledoras.
- b) Adaptar o desenvolvemento das actividades a cada situación que se presente cos medios técnicos e tecnolóxicos precisos para o desenvolvemento presencial e non presencial do programa.
- c) Levar a cabo a avaliación de resultados trala finalización do programa ou, en todo caso, transcorrido un ano desde a súa posta en marcha.
- d) Desenvolver as actividades necesarias para a formación do persoal encargado da execución do programa.
- e) Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do programa.
- f) Non percibir remuneración ningunha por parte das persoas usuarias do programa.

QUINTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa a Asociación Galega de Familias de Acolida “ACOUGO” disporá de persoal especializado nesta área de actuación.

O persoal que a Asociación Galega de Familias de Acolida “ACOUGO” poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos,

obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

1. Os gastos totais derivados da execución do presente programa contan cunha contía global de 122.718,72 €. A Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía de cento quince mil cento sesenta e oito euros con setenta e dous céntimos (115.168,72 €) con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do PRTR – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a entón Consellería de Política Social e Xuventude e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 38.02.312B.481.00 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, a Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" comprométese a achegar a cantidade de sete mil cincocentos cincuenta euros (7.550,00 €) procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

As ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no dito anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

2. O pagamento da subvención realizarase á Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO", en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do seguinte xeito:

- a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 92.134,98 € (80% da cantidade subvencionada), do seguinte xeito:

1º. A cantidade de 24.116,87 € (80% dos 18.000 primeiros euros máis o 10% dos 97.168,72 € restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio á Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" co obxecto de que se poidan cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificarase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 68.018,10 € pagaranse a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar a través deste convenio.

- b) A cantidade de 23.033,74 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto a Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" debe presentar:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe

incluir os seguintes apartados:

- 1º. Xustificación do gasto.
- 2º. Actividades realizadas.
- 3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 4º. Valoración global.
- 5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

- 1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago.
 - 2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior á documentación acreditativa do pago.
 - 3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º, agás naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.
 - 4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar cada unha das entidades beneficiarias cando o importe do gasto de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou gastos anteriores á sinatura do convenio que se teñan realizados dentro do período que abrangue este.
- A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais, a Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- Recibos de salarios.
- Documentos 'Relación Nominal de Traballadores' e o documento de 'Relación de liquidación de cotizacións' correspondentes aos meses imputados.
- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico,

cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopa diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.
- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO", en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- NIF da entidade.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa *Agencia Estatal de la Administración Tributaria*.
- Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" a presentación dos documentos correspondentes.

5. A xustificación coGastos de administración y gestión (gestoría y gastos de contabilidad externa, seguros de responsabilidad civil, seguros de voluntariado, derivados del programa)²⁴, e deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 23 de decembro de 2024.

A Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO", comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais de 2024, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de 2024, con data límite de presentación do 15 de febreiro de 2025.

A Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO", no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha



declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

SÉTIMA.- FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESES

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

-<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo.

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

-<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Segundo o art. 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores, a avaliación de risco de fraude, o enchemento da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses.

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio as medidas contempladas no Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da entón Consellería de Política Social, que foi asinado o 18 de febreiro de 2022.

-<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraude-politica-social-gal.pdf>

Ao tratarse dun convenio cunha entidade beneficiaria determinada xa coñecida aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro.

Non obstante a concesión de subvencións en virtude deste convenio, estará sometida á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a Disposición Adicional 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. A normativa reguladora da subvención vencellada ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor: ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR.

O presente procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente de concesión da subvención poderá solicitar ao solicitante da subvención a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través da aplicación MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de concesión da subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través da aplicación MINERVA, o órgano concedente levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar dos solicitantes de axuda, os titulares reais recuperados polo órgano competente.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario da subvención.

Queda prohibida a dobre financiación (artigo 188 do o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. As reformas e os proxectos de inversión financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro de 2021 (Regulamento MRR).

NOVENA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.
2. Os datos persoais e os consentimentos das persoas interesadas recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.
3. O tratamento dos datos no procedemento de concesión da subvención baséase no cumprimento



dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

4. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento segundo se explicita en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Contacto co/coa delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

6. A Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

7. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

8. A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

DÉCIMA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita

á dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. MODIFICACIÓNS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da presente concesión ou dar lugar ao reintegro total ou parcial da subvención concedida, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Con respecto á financiación con fondos europeos rexerase polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello de 14 de decembro de 2020 polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o MRR, o Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España aprobado na data 16/06/2021 pola Decisión de Execución do Consello, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

Segundo establece o artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do

Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o MRR, as partes que interveñen neste convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercer a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, á Fiscalía Europea.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO QUINTA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo a cláusula novena do Convenio entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia asinado o 27 de agosto de 2021, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do MRR os asinantes comprométense a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, e conforme ao establecido no Manual de Marca do PRTR confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital.

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE,

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE
ACOLLIDA "ACOUGO",

A conselleira

A presidenta



ANEXO I

Cadro económico

DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2024 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO"			
Concepto	Total	Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO	Xunta de Galicia
Gastos de persoal de coordinación do programa	16.450,00 €	0€	16.450,00 €
Dietas/desprazamentos	8.864,00 €	0€	8.864,00 €
Campaña de acollemento familiar: Actividades, xornadas, conferencias, obradoiros...(alugueiro de espazos, formadores, materiais, e todos os gastos derivados das mesmas)	7.725,00 €	4.550,00 €	3.175,00 €
Gastos de persoal de administración, difusión, formación e apoio ás familias e NNA, derivados do programa.	72.912,00 €	0€	72.912,00 €
Comunicacións, audiovisuais e gastos informáticos. Gastos de deseño gráfico do programa e difusión en redes do mesmo, dominio web... derivados do programa)	9.275,00 €	3.000,00 €	6.275,00 €
Gastos de administración e xestión (xestión e gastos de contabilidade externa, seguros de responsabilidade civil, seguros de voluntariado, derivados do programa)	2.592,72 €		2.592,72 €
Outros gastos (local, subministro limpeza do local, seguridade do local, derivados do programa)	4.900,00 €		4.900,00 €
Total	122.718,72 €	7.550,00 €	115.168,72 €

ANEXO II. PROGRAMA

Descrición das actuacións a desenvolver.

DESCRICIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS E ÁMBITO TERRITORIAL.

É de especial relevancia marcar a necesidade da posta en marcha deste programa con estes proxectos en toda a Comunidade Autónoma, facendo especial mención e incidir máis nas zonas de Galicia onde se necesita traballar máis para que resulten beneficiadas máis nenos, nenas e adolescentes institucionalizados, por non existir familias acolledoras ou ser insuficientes.

Para poder abarcar todo o territorio galego e tendo en conta a temporalidade dispoñible o primeiro paso vai ser dividir Galicia por comarcas, e estas serán as unidades de intervención por parte da Asociación Galega de Familias de Acollda "ACOUGO".

Cos datos estatísticos proporcionados pola Administración Autonómica, vanse extraer aquelas comarcas polas que se debe comezar e continuar, en función das necesidades actuais. Elixindo as comarcas por provincia por orde de prioridade.

DESCRICIÓN ESPECÍFICA DAS ACTUACIÓNS QUE COMPRENDE O PROGRAMA

1. Descrición da Actuación 1._ DIFUSIÓN: "ACOUGO, ESPALLANDO SEMENTE"

As pautas xerais da actuación virán deseñadas polos seguintes puntos:

- Deseñar e imprimir todo o material do programa.
- Continuar cos contactos dos Concellos da Comunidade Autónoma para a difusión da cultura do acollemento para expandila ao longo do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Cos novos concellos, terase un primeiro achegamento no que se fará a explicación da Asociación coa fin de buscar a implicación e estudar as particularidades da súa poboación e deseñar, o máis axustada posible, unha difusión concreta do programa de acollemento familiar. Continuarase así mesmo, traballando co resto dos concellos aos que se lles proporán novas actividades: charlas informativas dirixidas á cidadanía do concello, actividades lúdicas e culturais... actividades de sensibilización e visibilización que nos permitan achegarnos aos veciños e veciñas de diferentes idades, e continuar a sensibilizar sobre o Sistema de Protección de Menores e concretamente do acollemento familiar.
- A medida do acollemento familiar será difundida a través de distintos medios de comunicación, de diferentes materiais escritos e audiovisuais e en calquer lugar no que se demande a participación. (Ás actividades nos distintos concellos daráselles publicidade específica indicando o/s día/s e horario destas). Este ano en concreto a Asociación Galega de Familias de Acollda "ACOUGO" ten un programa semanal en Radio Voz, para falar de cuestións relativas ao acollemento familiar en particular e ao Sistema de protección de menores en xeral.
- Establecerase a continuidade e a posibilidade de pasar a unha segunda fase, de formación da cidadanía, despois da valoración das actividades de difusión. En moitos dos concellos realizaranse paralelamente as dúas fases xa que a difusión non se esgota.
- A realización de actividades encamiñadas a traballar coa comunidade educativa, tanto en educación primaria, secundaria, bacharelato, profesorado e familias. Neste ano 2024 ademais, a Asociación Galega de Familias de Acollda "ACOUGO" traballará a través dun conto dos Bolechas sobre acollemento familiar elaborado



coa colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Subdirección Xeral de Política Lingüística).

2. Descrición da Actuación 2._ Formación: "ACOUGO, ORBALLO"

Como unha continuidade e coa intención de facer unha formación circular en calquera das etapas nas que se encontren as persoas destinatarias da mesma tras a difusión, pasarase a unha fase de formación, que pretende achegar conceptos e situacións básicas derivadas do acollemento familiar. Deseñárase en función das dúbidas e inquedanzas das persoas destinatarias da formación e afondará un pouco máis no programa do acollemento familiar. A proposta é a seguinte:

Formación das propias familias acolledoras e de orixe que, xuntándose con algunha temática de interese, poidamos achegar comarcalmente, para facilitar espazos de compartir experiencias derivadas de acollementos pasados ou presentes, coa intención de interactuar e, tornar en positivas as experiencias, incluso fomentar a participación en sesións de formación, doutro nivel, como testemuños reais.

Información solicitada para persoal técnico das diferentes administracións, de equipos profesionais do eido social e educativo, e de alumnado de centros educativos (de todas as idades dende a etapa infantil ata a universitaria), que sirva á súa vez como acción de difusión do acollemento familiar.

A acción formativa que se solicita terá unha duración máxima de 15h e estruturarase por bloques, con tempo e contido non definitivo, en canto que irá en función das propostas ou necesidade de cada grupo. Adaptando niveis, dentro das áreas de interese e dispoñibilidade das persoas destinatarias.

A maiores da formación específica programarase un módulo transversal que versará sobre a igualdade de xénero, e que contará co contido adaptado ás necesidades anteriormente dispostas.

A continuación preséntase o programa da acción formativa:

PROXECTO FORMATIVO

Formación complementaria sobre acollemento familiar ACOUGO, "COLLEITA".

TOTAL DE MÓDULOS: 3

Obxectivos xerais:

- Identificar situacións que se poden dar nas familias de orixe e traballar a empatía.
- Coñecer o sistema de Protección de Menores en España, sensibilizar á cidadanía sobre as necesidades dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de Protección, as familias biolóxicas e familias acolledoras de Galicia.

Obxectivos específicos:

- Coñecer a estrutura básica do Sistema de Protección de Menores en España e Galicia.
- Recoñecer o abano de supostos que se poden dar na retirada ou abandono voluntario de menores.
- Comprender a importancia, case sen excepcións, do vínculo do neno, nena ou adolescente coa familia de orixe/biolóxica.
- Coñecer a terminoloxía básica en materia de Protección: Acollemento residencial e familiar



en allea ou extensa, tipos de acollemento...

- Diferenciar de xeito claro as medidas de protección: acollemento e adopción.
- Sensibilizar á sociedade en materia de protección de menores.
- Lograr incrementar o interese das persoas ou familias en participar en actividades relacionadas co acollemento familiar.

MÓDULO I Primeiro achegamento ao sistema de Protección NIVEL INICIAL

Unidade 1: Presentámonos; traballando xuntos/as polo ben dos nenos, nenas e adolescentes.

Unidade 2: Terminoloxía básica en materia de Protección. Administracións e entidades implicadas. Medidas de protección Adopción e Acollemento. Principais diferencias.

Unidade 3: Acollemento residencial e familiar en allea ou extensa, tipos de acollemento.

Achegamento a casos prácticos. Dinámica de avaliación para valoración de paso a módulo II. Reparto e recollida de cuestións, dúbidas e reflexións en materia de ACOLLEMENTO.

MÓDULO II Profundando NIVEL INTERMEDIO

Unidade 1: Respondendo ás dúbidas do módulo anterior. Resume do Módulo I.

Unidade 2: Necesidades da infancia, adolescencia e do sistema de protección.

Unidade 3: Necesidades das familias acolledoras.

MÓDULO III Especializando NIVEL AVANZADO

Unidade 1.- Detalle da Normativa internacional, Nacional e Autonómica en materia de menores en protección.

Unidade 2.- Presentación de novos modelos de intervención.

Unidade 3.- Problemáticas das partes do Sistema de Protección.

MÓDULO TRANSVERSAL Sensibilización cara a igualdade de xénero

Unidade 1.- A igualdade de oportunidades. Conceptos básicos.

Unidade 2.- A igualdade no traballo.

Unidade 3. - A desigualdade no uso dos tempos.

Unidade 4.- A violencia machista. A educación como prevención. Xénero, medios de comunicación e publicidade.

Acción formativa interna

O persoal docente, a maiores de impartir as sesións de formación, dedicará parte da súa xornada a desenvolver as seguintes tarefas:

- Elaboración de material didáctico.
- Información sobre os programas que se realizan dentro do sistema de protección de

menores e en particular dentro do acollemento familiar, así como dos proxectos das entidades de iniciativa social destinados ás ditas persoas menores e ás familias.

- Participación en diversos congresos, para ampliar coñecementos, seguir innovando e ofrecendo ferramentas para desenvolver mellor a nosa labor. Nestes encontros, ademais, compartimos a nosa experiencia sobre o acollemento familiar en Galicia, en particular o modelo que levamos a cabo en Galicia de visibilizar o acollemento familiar dende os concellos.

Ademais, e por primeira vez, a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" iniciará un curso de acollemento familiar de 12 horas en Moodle. As persoas que queiran achegarse por primeira vez ao acollemento familiar poderán realizar un curso gratuíto interactivo, con vídeos e actividades, que lles permitirá adquirir os coñecementos necesarios para coñecer o Sistema de protección de infancia e adolescencia e a importancia das familias de acollida no coidado dos nenos, nenas e adolescentes.

3. Descripción da Actuación 3. Medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras: "ACOUGO, COLLEITA"

As distintas e diversas situacións que se poden dar derivadas dun acollemento poden provocar situacións que non se contemplaron na formación previa ou de idoneidade, propiamente dita. Isto pode xerar unha parálise na dinámica familiar da familia acolledora, que provoque certas inseguridades.

Por exemplo algunha xestión burocrática (a matrícula do colexio, a solicitude dunha beca, da tarxeta sanitaria, o empadramento, o permiso de paternidade ou maternidade, a tarxeta de familia numerosa...), unha reacción nalgún dos membros da familia (un ataque de celos dun/dunha fillo/a de moita relevancia ou esporádico), calquera situación, que, a priori, non é de grande dificultade, pero que dada a especial característica da acollida, e coa posibilidade de que esas inseguridades se tornen en medo, en moitos casos non se busca apoio especializado, por non querer molestar, ou non dar a imaxe de maximizar problemas, que en teoría non teñen por que ter, pero téñense.

Cando falamos de familias acolledoras, falamos de todos os membros da unidade familiar, as súas particularidades e a relación interpersoal entre cada persoa e co/a acollido/a. Tal e como queda reflectido, a complexidade de traballar coas familias, e co acollemento ao mesmo tempo, require dunha especialización concreta. A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", achega un ingrediente fundamental, xa que esta atención complementábase dende unha intervención profesional, pero entre iguais. Son familias acolledoras, acompañadas por familias acolledoras. E isto é dun incalculable valor xa que reúne a competencia técnica coa experiencia en primeira persoa sobre o acollemento familiar.

Deste xeito, ACOUGO ofrece un servizo de apoio integral ás familias acolledoras e de orixe, que inclúe asesoramento, información e mediación nas xestións, así como apoio e acompañamento ao acollemento (a través de encontros de familias e experiencias de ocio nos que se dote de ferramentas útiles para o día a día).

4. Actuación 4. Accións complementarias

O servizo de conciliación preséntase como unha acción complementaria ás tres actuacións anteriormente descritas. Sempre que se ofrece unha actividade para adultos, se presta unha actividade de conciliación para as familias participantes, garantindo que poidan asistir ás sesións, no caso de que así o soliciten. O horario do servizo de conciliación adaptárase ao horario da acción

formativa e actuación programadas, incluíndo as marxes de tempo que preceden e que seguen ás sesións de clase.

Trátase dun servizo profesionalizado. A persoa responsable do servizo de conciliación máis alá das tarefas propias de atención e coidado das nenas e nenos, desenvolverá actividades lúdico-formativas e prestará atención ás particularidades dos cativos tanto na esfera persoal, como emocional, social e educativa. A información que se extrae destes espazos resulta de moito valor técnico, e permite ver cales son os temas de interese para abordar en futuras intervencións, tanto formativas como de acompañamento ou mediación. Traballaranse temáticas adaptadas ás súas idades, sempre relacionadas coa adquisición de competencias para o bo desenvolvemento do acollemento, valores universalmente recoñecidos: tolerancia, respecto, igualdade, corresponsabilidade, solidariedade, etc.

Paralelo a isto, ACOUGO conta cunha ampla rede de persoal voluntario que fai posible que leve a cabo todo o seu proxecto. Os/As voluntarios/as son formados, asegurados e atendidos en todas as súas necesidades para o desenvolvemento das diferentes actividades nas que participan, tal e como se recolle na cláusula terceira do convenio.

A través deste programa de voluntariado ACOUGO comezará este ano a achegar e acompañar as persoas máis implicadas, ao acollemento residencial, como parte de fases iniciais de figuras de referencia para estes rapaces e rapazas.

Como apoio ás familias ACOUGO xestiona tamén un Banco de Recursos localizado no Concello de Padrón. A través deste servizo, cando se empeza un novo acollemento ou durante os mesmos, as familias poden recoller roupa e enseres adaptados ás idades dos nenos, nenas e adolescentes cos que conviven.

Por último, a Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" xestionará un grupo de participación infantil e xuvenil, onde nenos, nenas e adolescentes de familias de acolida poderán opinar, decidir e aprender a participar, para defender os seus dereitos e adquirir habilidades para a vida adulta.



ANEXO III

Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona....., DNI....., como presidente da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en

beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como titular do programa "Xerando cultura de acollemento" no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «recadar e asegurar, a efectos de auditoría e control e para dispor de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de inversión no marco do plan de recuperación e resiliencia o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

- I. O nome do perceptor final dos fondos;
- II. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- III. Unha lista de medidas para a execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos remates expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:

ANEXO IV

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como presidente da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal enna condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como titular do programa "Xerando cultura de acollemento", no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do no significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, así o compoñente 22, Inversión 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece que os equipos utilizados cumprirán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo con a Directiva 2009/125/EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:

ANEXO V**DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI)***(Presentar pola entidade conveniente)*

ENCAIXE: "C22.I2.P2.S7"

DENOMINACIÓN DO SUBPROXECTO: Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN: Convenio de Colaboración para o ano 2024, entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Familias de Acollda "Acougo" para o desenvolvemento do Programa Xerando Cultura de Acollemento

FONDOS EUROPEOS: Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU

Convenio: convenio de Colaboración para o ano 2024, entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Familias de Acollda "Acougo" para o desenvolvemento do Programa Xerando Cultura de Acollemento, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU

Don/Dona....., DNI....., como director/a territorial da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en

parte asinante do dito convenio, ao obxecto de garantir a imparcialidade no convenio arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informado/a do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións nos que se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador/a de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos/das interesados/as, cos/coas administradores/as de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos/coas asesores/as, representantes legais ou mandatarios/as que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado/a con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa incurso/a en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento da comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Que coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo: